

Belén Villar González con DNI 35.562.803-L voceira do grupo municipal do Partido Popular, Andrés Sampedro, Silvia F. Táboas, Francisco J. Represas e Lina Limeres, concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular de Ponteareas, en relación aos Plans de Continxencia fronte ao COVID-19 elaborados pola empresa TAPREGA que nos facilitou o Alcalde o 23 de maio para a súa revisión e por si considerámbamos facer algunha aportación, facemos as seguintes valoracións sobre os documentos para si consideran oportuno procedan a súas inclusión.

### **No Plan de Continxencia Concello:**

Os traballadores do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) están considerados de baixo risco (criterio do punto 9), aínda que é sabido que estes traballadores están expostos durante o seu traballo a contactos de máis de 15 min a menos de 2 metros de distancia de calquera persoa. Polo tanto, consideramos que deberían clasificarse como de alto risco.

O mesmo sucede cos traballadores de Protección Civil, Bombeiros e Policía, que son considerados de baixo risco de exposición, cando ó noso entender deberían ser clasificados como de alto risco, posto que realizan actividades non programadas, que lles xurden actuacións imprevistas, que descoñecen con que se van atopar, co cal é posible que durante o seu traballo teñan contactos de máis de 15 min a menos de 2 metros de distancia con calquera persoa.

Defínese no documento a exposición de risco como "Situacións nas que non se pode evitar un contacto estreito no traballo cunha persoa sintomática", e isto é perfectamente aplicable a estes profesionais.

### **No Plan de Continxencia Residencia:**


Debería aparecer no documento o nivel de risco de todos os traballadores da Residencia, tal e como aparece no documento xenérico do Concello.

Debería aparecer claro, que todo o persoal do centro ten obriga de utilizar, ó menos, as mascarillas quirúrxicas dentro do Centro, sempre e cando non se poida garantir a distancia mínima de 2 metros. O mesmo para calquera visita ou actuación por parte de persoal externo.

### **En Xeral, nos 2 Plans de Continxencia:**

Votamos en falta un apartado específico para o Servizo de Limpeza: reforzo de persoal, produtos adecuados, secuencias de traballo.

Para a residencia tamén debería terse un protocolo de limpeza para o caso dunha habitación que tivese un paciente positivo, unha vez que quede libre por calquera motivo (ingreso no hospital, falecemento, curación, etc.).



Consideramos tamén necesario ofrecer formación adicional ás auxiliares de clínica sobre como pórse e retirarse os EPIS.

Ambos documentos teñen moita parte xenérica e pouca parte específica de cada tipo de servizo. Non queda claro a utilización de mascarillas por parte dos traballadores, cando deben utilizalas e de que tipo, quirúrxica ou FFP2.

En Ponteareas, a 26 de maio de 2020



Asdo: Belén Villar González

**A/A SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEAREAS**